

COMUNICADO DE INICIO DE CURSO 2020/21 PARA @S SOCI@S DA ANPA.

Estimadas familias:

Debido a situación actual por Covid19 non podemos convocar asemblea de inicio de curso como é habitual para @s soci@s da Anpa Pantel do IES Pedras Rubias, se é posible convocaremos ao final do curso unha asemblea de socios onde participar tod@s e aprobar as actas pendentes. Neste comunicado informámosvos do seguinte:

1. ESTADO DE CONTAS DA ASOCIACIÓN.

Este curso 2020/21 houbo uns ingresos totais por aluguer de libros de: 4996 euros

Gastos: Compra de libros:	1107,7 euros	
Devolucións por erros no pago de libros:	222 euros	
Carnés de autobús:	57 euros	
Teléfono:	25 euros	
Total de gastos hasta a fecha:		1411,7 euros.

Ata a data temos un aforro este curso de 3584,3 euros.

Lembramos que para o curso 2021/22 poden cambiar por lei os libros de 1º e 3º da ESO.

2. BANCO DE LIBROS DA ANPA "PANTEL".

Este curso foi necesario mercar 27 libros que tamén foron forrados. Houbo algunhas solicitudes de libros entregadas bastante tarde, polo que a directiva decidiu por un prazo máximo para solicitar os libros o próximo curso (será sobre mediados de outubro)

RECORDAMOS AS NORMAS DE USO DOS LIBROS:

Para a maior duración dos libros é necesario que sexan ben coidados. Non escribir neles,..

Se non están forrados ou teñen o forro roto, teñen que ser forrados polo alumno. Pero

NUNCA QUITAR O CÓDIGO IDENTIFICATIVO DO LIBRO.

Para evitar cambios de libros entre compañeiros na clase e perdas, pódese poñer o nome e curso do alumno NUNHA PEGATINA que se retire ao final do curso. Cada alumno será responsable dos libros que lle son entregados. Os libros serán entregados ao final do curso. A perda ou dano irreparable nun libro supón a reposición do libro por parte da familia ou a perda de poder alugalos en posteriores cursos.

3. **CARNÉS DE AUTOBÚS.** Os carnés do curso pasado foron reutilizados este curso, pero tivemos que repor algúns en mal estado e outros que non foron entregado en prazo. Como novidades este curso hai unha liña mais de autobús que ten o carné rosa. Este é o listado de liñas co nº de autobús e prazas e se teñen cintos de seguridade ou non:

COR DO CARNÉ	LIÑA	Nº AUTOBÙS	PRAZAS	CINTOS SEG.
LARANXA	Picoña-Agro-Piñeiro	1550	55	SI
AMARELO	Rot. Altamira-Vendanova-Forca	1416	55	NON
AZUL	A Devesa	828	57	NON
ROSA	Raiña Aragonta-A Feira	828	57	NON
VERDE	Budiño	1548	35	SI
LILA	Pardemubias	1484	26	SI
BRANCO	Barreiro-Concello Novo-Ataud	822	55	NON
VERMELLO	Parque A Gandara-Entenza	2076	55	SI

Cada alumno terá o seu carné co nº do asento que ten que ocupar. Se algún alumn@ perde o carné durante o curso ou non entregou o do curso anterior ten que solicitalo en SERNEL (custe de 2 euros). No caso de atopar algún carné deben deixalo na secretaría do centro. Os carnés devolveranse ao final de curso.

4. CINTOS DE SEGURIDADE NOS AUTOBUSES AO IES.

O curso pasado reclamamos á empresa MOMBUS e á CONSELLERÍA DE MOBILIDADE, que os autobuses dispuxeran de cintos de seguridade como é obrigatorio. Monbus informounos que tiñan un prazo de 6 meses para adaptar os autobuses a esta situación e que no inicio do curso habería un 70% dos autobuses con cintos de seguridade e a finais de decembro o 100% . De momento a realidade é que un 50% dos autobuses que fan os recorridos levan cintos. Segundo a empresa teñen un prazo de 6 meses máis (ata xullo do 2021) para adaptar os autobuses a normativa para que todos teñan cintos.

5. PROXECTOS PARA ESTE CURSO.

- Ante a falta de resposta da consellería de educación ao escrito enviado o 26/07/2019 volvemos enviarlles un escrito para solicitar unha entrevista e expor as necesidades do centro: **Ampliación do IES para ser liña 4 en ESO e implantación de Bacharelato e ciclos, solicitar a adscrición do IES a un instituto con bacharelato que garanta prazas para continuar os estudos aos alumnos de Salceda.**
- Temos previsto reunirmos xunto co concello, con Monbus para expor as necesidades de transporte e **mellorar os transportes existentes a outros institutos da zona.** Se fose preciso enviaremos un escrito á Consellería de Mobilidade.
- Estamos pendentes de que a **liña de transporte de 30 prazas que vai aos institutos de Tui e pasa polas parroquias de Salceda** poida continuar co servizo despois de que se aprobe o novo plan de transporte escolar de Tui que se prevé que sexa en xaneiro. Temos previsto reunirnos xunto co concello coa empresa adxudicataria do servizo para intentar arranxar este problema.
- Estaremos pendentes do proceso de adxudicación da **senda peonil e ciclista** dende o centro de Salceda ata o IES, (que a consellería licitará este ano), ata que sexa unha realidade.

6. DIRECTIVA ACTUAL DA ANPA.

Dadas as baixas o curso pasado de Erika Molina Quinteiro e de Xan Penabella. A actual directiva está formada por:

Presidenta: María Belén Bastos Fernández

Vicepresidenta: Ana María González Gómez

Secretaría: Rosa María Morais Rodríguez.

Tesoureira: Sonia Fernández Gómez

Vocais: Patricia Paniagua Mateos

Beatriz Bernárdez Fernández

Hortensia Coto González

Ao final de curso daranse de baixa tres membros da actual directiva, xa que temos os fill@s en 4º, polo que **PRECISAMOS PAIS E NAIS QUE SE INCORPOREN Á DIRECTIVA** e se vaia renovando. Ponte en contacto con nos no **6 4 8 8 1 5 8 5 1** para continuar coa labor da ANPA que é moi importante para o IES PEDRAS RUBIAS.

Sen outro particular, recibir un cordial saúdo.

María Belén Bastos Fernández

Ana M^a González Gómez

Rosa María Morais Rodríguez

Sonia Fernández Gómez